

EXPEDIENTE: 2025/A002/000003

ASUNTO: CONVOCATORIA DO XXXVIII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2025

TRÁMITE: ANUNCIO RESOLUCIÓN CONCESIÓN XXXVII PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2024

O 04 de decembro de 2025 o alcalde do Concello de Dodro ditou a resolución número 637/2025, que se transcribe:

"Logo de ver as Bases de participación e da convocatoria do XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do martes 08/08/2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.162 do mércores 27 de agosto de 2025 e publicadas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Dodro.

*Logo de ver a acta de avaliación de candidaturas e proposta do xurado en favor de Inés Mosquera Calvo NIF. ***0439**, autora de "UPUPÚ", emitida o 21 de novembro de 2025 e asinada de forma electrónica e asíncrona polos membros de xurado.*

Logo de ver que con data 26/11/2025 emitíuse informe-proposta polo órgano instructor, no que se da conta do cumprimento das condicións e requisitos establecidos nas Bases de participación e convocatoria do XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025, así como do disposto no artigo 88.3 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo.

Emitido informe de fiscalización por Secretaría-intervención.

Considerando que corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 03/08/2023), así como o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 401/2023 de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Conceder o XXXVIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2025 a Inés Mosquera Calvo NIF. ***0439** en calidade de autora do poemario gañador titulado "UPUPÚ" dotado con 2.500,00 euros e coa publicación do libro de poemas galardoado dentro do ano 2025, nunha editorial de recoñecido prestixio, dos que a gañadora recibirá gratuitamente 25 exemplares.

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polo importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/48000.

CUARTO.- Efectuar as publicacións correspondentes a este procedemento na Base de Datos Nacional de Subvencións e/ou no BOP.

QUINTO.- Notificar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Dodro.

SEXTO.- Ordenar o pago das obrigas expostas, de conformidade co disposto nos artigos 186 e 187 do Texto refundido da Lei reguladoras das facendas locais.

SEPTIMO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

*Documento asinado dixitalmente
alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.
A secretaria-interventora que da fe."*

O que se publica aos efectos oportunos
Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.